

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

18 de febreiro do 2020

Lugar de celebración

Casa do Concello

Asistentes

PRESIDENTE

D. Manuel Beceiro Couce 32637513F, Concelleiro

SECRETARIO

Dna. Mónica Cibreiro Caneiro, Funcionaria

VOCALES

D. Interventor

D. Miguel Ángel Arroyo Moreno, secretario-interventor municipal, substituído por Dna. Mónica Cibreiro Caneiro, Secretaria-Interventora accidental

Dna. Eiravedra Filgueira Caneiro, Vogal

Orde do día

1.- Proposta de acordo sobre solicitude de acceso ó expediente de contratación formulada por VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.

Exponse que:

Con data do 13 de febreiro do 2020 ten entrada no Rexistro Xeral do Concello de San Sadurniño solicitude de VSM SISTEMAS CORUÑA S.A dirixida á mesa de contratación no marco do procedemento de licitación do servizo de reprografía (CONTRAT/REPROGR/2019) mediante a que se solicita o acceso ó expediente antedito e en concreto á oferta técnica e económica.

O artigo 53.1.a) da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala que os interesados nun procedemento administrativo teñen, entre outros, o dereito a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados; o sentido do silencio administrativo que corresponda, en caso de que a Administración non dicte nin notifique resolución expresa en prazo; órgano competente para a súa instrución, no seu caso, e resolución; e os actos de trámite dictados. Así mesmo, tamén terán dereito a acceder e obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos.

O órgano de contratación está obrigado a facilitar aos licitadores que o soliciten o acceso ó expediente de contratación, particularmente cando a interposición dun recurso útil e fundado

dependa da información obtida tra-lo acceso. Non obstante, son confidenciais como regra xeral, as informacións non accesibles ó público e ós datos empresariais que afecten os intereses lexítimos e a competencia desleal (acordo do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón 10/2015), os listados de traballadores, a titulación académica e a experiencia profesional protexida pola normativa de protección de datos.

A mesa indica o seguinte:

Logo de examinar a solicitude, propónse ó órgano de contratación a remisión dos datos da oferta técnica que se tiveron en conta para a valoración técnica así coma a oferta económica presentadas pola outra empresa licitadora, tendo en conta que o resto da documentación do expediente atópase publicada na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Eu, como Secretaria, certifico con el visto bo del Presidente:

Dna. Mónica Cebreiro Caneiro
SECRETARIO/A

D. Manuel Beceiro Couce 32637513F
PRESIDENTE/A